

► Programa de actos

13 de Xullo

Roteiro dende cada un dos museos que integran a Rede Museística da Deputación ao Museo Pazo de Tor. Haberá un servizo gratuito de autobuses, dende cada ún dos museos da rede, para todas as persoas que quieran asistir a estes actos, autobuses que sairán ás horas que se indican:

Museo Provincial de Lugo: saída ás 9:00 horas.

Museo Provincial do Mar: saída ás 8:00 horas.

Museo Fortaleza de San Paio de Narla: saída ás 8:30 horas.

11:00 horas.

Obradoiro do Pan. Entre todos faremos e coceremos o pan que utilizaremos no xantar.

12:00 horas.

Reunión e decisión do xurado de #Estudio Aberto 5.

13:00 horas.

- Visita guiada ao Pazo de Tor.
- Inauguración de "Tor Oculto".

14:00 horas.

Xantar comunitario con todos os asistentes.

17:00 horas.

Recepción de D. Darío Campos, presidente da Deputación e de Dna. Pilar García Porto, delegada de Cultura da Deputación e colocación da placa conmemorativa do décimo aniversario do Pazo de Tor como museo.

- Intervencións dos clubs da Rede Museística.
- Concierto no salón do mediodía de Lucas López López.
- Degustación viño D.O Ribeira Sacra.

17:30 horas.

De fóra a dentro (o que o Museo evoca). Interveñen: Manola Porto, Xosé Figueroa, Ángeles Rivada González (Angelita), Mercedes Paz Pérez e Francisco Almuíña (música)

18:30 horas.


Regreso dos autocares.

21:00 horas.

Inauguración da exposición "Corpora Prima", de Manuel Conde, Victorino Núñez "Torino" e Brais F. Vizcaya.

22:30 horas.

Concierto dos Gin Toni's.



ESPAÑA

FRANQUEO
PAGADO

Aut. n.º 150493

D. Darío Campos Conde,
presidente da Deputación Provincial de Lugo,

Dna. Pilar García Porto,
deputada de Cultura, Deseño e Artesanía,
teñen o pracer de invítalo/a á inauguración da exposición

X ANIVERSARIO DA CREACIÓN DO MUSEO PAZO DE TOR

Acto que terá lugar o vindeiro mércores, 13 de xullo de 2016, ás 17:00 horas
no Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

Máis información

Tel. 982 165 534

www.redemuseisticalug.org / difusion@museolugo.org



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
PAZO DE TOR

DEPUTACIÓN DE LUGO

10º aniversario



Museo Pazo de Tor
Rede Museística Provincial de Lugo

No ano 1998, D.^a María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, última propietaria do Pazo de Tor, fixolle doazón deste pazo á Deputación de Lugo. Despois duninxente traballo de estudo e catalogación dos seus importantes fondos, traballo que ainda continúa porque sempre se descubren cousas novas, este pazo abre as súas portas, como museo, o 13 de xullo de 2006.

Nestes dez anos, ademais das funcións propias que lle corresponden como tal museo, como son a conservación, a investigación e a difusión, dende o Museo Pazo de Tor foi levando a cabo, coa colaboración de diversos colectivos sociais, un importante labor cultural ata converterse, a pesar dos poucos anos que leva aberto, nun referente cultural e nun centro que destaca polo seu papel dinamizador, nunha comarca tan importante como é a Ribeira Sacra lucense.

A lo largo de este tempo, numerosas actividades (obrados, congresos, relatorios, exposiciones, etc.) xunto coa importancia das súas coleccións e do propio edificio, fixeron deste Pazo Museo, integrado na Rede Museística Provincial de Lugo, un dos máis importantes de Lugo. Proba diso é a gran cantidade de visitantes que recibe, cantidade que vai en aumento cada ano, así como tamén os recoñecementos dos que é obxecto. Tripadvisor distinguiuno co certificado de calidade e Predif outorgoulle a consideración de museo accesible, ademais de ser considerado o cuarto punto de interese turístico da provincia de Lugo.

A pesar de que só conta con dez anos de existencia como museo, o Pazo de Tor é xa toda unha institución no Val de Lemos. Grazas ao traballo constante do persoal da Rede Museística da Deputación de Lugo, este Pazo Museo é xa sobradamente coñecido e moi valorado, tanto polo edificio como polas importantes coleccións que alberga. Trátase dunha construción barroca que data fundamentalmente do último terzo do século XVIII, pero matizado xa por unha estética neoclásica. Ademais do aspecto arquitectónico, a visita ao pazo permite ver, integralmente, todas as súas salas e dependencias, co seu mobiliario orixinal e coas coleccións artísticas que a familia propietaria foi atesourando, ao longo dos séculos, o que constitúe un testemuño privilexiado do xeito de vida da nobreza na Galicia da Idade Moderna e Contemporánea.

Por todo isto, a visita ao Museo Pazo de Tor é un acto obrigado para toda aquela persoa que se achegue á Ribeira Sacra lucense, zona cunha gran riqueza paisaxística e monumental que agardamos sexa axiña declarada Patrimonio da Humanidade.

